



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Administración e Supervisión de Centros	Código	652711606	
Titulación	Licenciado en Psicopedagogía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Primeiro-Segundo	Optativa	4
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A6	Comprender os factores que permitan a mellora dos procesos educativos.
A10	Avaliar programas, proxectos, servizos e políticas dirixidos ao desenvolvemento persoal, profesional e institucional.
A12	Organizar e apoiar programas de axuda a persoas ou colectivos excluídos ou en risco de exclusión.
A15	Colaborar no deseño, na aplicación e na avaliación de auditorías de calidade nos procesos educativos.
A16	Planificar accións, programas e servizos de intervención para a mellora das persoas, dos grupos e das organizacións.
A19	Organizar e xestionar accións, programas e servizos orientados á promoción da calidade.
A20	Comprender a xenealoxía e o significado dos sistemas educativos e a súa configuración actual.
A21	Potenciar a utilización de estratexias favorecedoras do ensino cooperativo.
A22	Coñecer as políticas e a lexislación que regulan o funcionamento das institucións escolares.
A23	Fomentar a investigación-acción nos centros educativos.
A24	Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental.
A25	Desenvolver aptitudes e competencias que favorezan o traballo en contornos multiculturais.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Aprender a aprender.
B3	Capacidade de resolución de problemas.
B4	Capacidade de aplicar coñecementos na práctica.
B5	Capacidade de adaptación a situacións novas.
B6	Preocupación pola calidade.
B7	Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas.
B9	Traballar de forma colaborativa.
B10	Capacidade de organización e planificación.
B11	Rigor profesional.
B12	Apertura á formación continua.
B13	Creatividade.
B14	Sensibilización sobre a diversidade cultural.
B15	Capacidade de crítica e autocrítica.
B16	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
1. Comprender que a Administración e a Supervisión dos Centros educativos supón identificar e analizar as distintas variables (xerais e particulares) que interctúan en cada contexto.	A6 A20 A22 A25	B1 B2 B4 B14 B15 B16	C4 C5
2. Coñecer algúns dos modelos máis relevantes da Organización e a Administración Educativa.	A6 A20 A22	B1 B4 B6 B11	C1 C5 C7
3. Comprender a importancia do contexto organizativo-administrativo no proceso de ensino-aprendizaxe.	A6 A20 A21 A22 A23 A24 A25	B4 B5 B6 B9 B11	C1 C5 C7
4. Valorar positivamente a necesidade do control, da supervisión e da avaliación no sistema educativo, e familiarizarse con estratexias e técnicas utilizadas nestes ámbitos	A6 A10 A12 A15 A16 A19 A21 A23	B9 B10 B11 B13	C1 C3 C7 C8
5. Estimular o desenvolvemento dunha actitude crítica constructiva.	A6 A20 A23 A24 A25	B5 B11 B12 B15 B16	C5 C7
6. Fomentar hábitos de reflexión e de traballo en equipo.	A6 A19 A21	B3 B9 B16	C4 C5
7. Entrar en contacto coas fontes primarias de inforamción no ámbito da Organización-Administración Escolar.	A6 A10 A15 A16 A19 A20 A22	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12 B15	C5 C7 C8

Contidos



Temas	Subtemas
Bloque I. Marco teórico e epistemolóxico da Administración Educativa	<p>Tema 1. O centro escolar como estrutura organizativa dentro do Sistema Educativo:</p> <ul style="list-style-type: none">- O marco lexislativo que regula o funcionamento dos centros escolares.-A organizaicón do Sistema Educativo no Estado das Autonomías.-A organización do Sistema Educativo en Galicia.-As etapas educativas. <p>Tema 2. Diferentes conceptualizacións da administración-organización escolar. O estatuto epistemolóxico da Administración educativa.</p> <ul style="list-style-type: none">-Os enfoques positivistas na Administración e Supervisión de Centros Escolares.-As perspectivas interpretativas.-Os modelos grlobais.
Bloque II. A Administración do Centro Escolar	<p>Tema 3. A toma de decisións e acción administrativa en centros escolares.</p> <ul style="list-style-type: none">-A toma de decisións científica.-A toma de decisións interpretativa.-A toma de decisións desde unha perspectiva globalizadora. <p>Tema 4. A participación nos centros escolares:</p> <ul style="list-style-type: none">-Diferentes acepcións e dimensións da participación.-Razóns e funcións da participación.-A participación dos diferentes sectores da comunidade educativa-Oo estado da participación na actualidade. Os cambios introducidos pola LOE.-Da democracia formal á cultura da colaboración. <p>Tema 5. O conflito e a natureza conflictiva dos centros escolares:</p> <ul style="list-style-type: none">-Diferentes enfoques do conflito na Organización Escolar.-Contexto organizativo e conflictividade.-O conflito no desenvolvemento organizativo dos centros.-Formas de afrontamento.-Poder e cultura nos centros escolares. <p>Tema 6. A dirección dos centros escolares.</p> <ul style="list-style-type: none">-A regularización e problemática da dirección de Centros Escolares en España.-Dilemas ante a selección e formación dos directivos.-Os estilos directivos.-As tarefas dos directores.-Xénero e dirección de centros.
Bloque III. A Supervisión do Sistema Educativo	<p>Tema 7. A Supervisión Escolar.</p> <ul style="list-style-type: none">-O control no Sistema Educativo.-O obxecto da supervisión escolar.-Diferentes concepcións ou modelos de supervisión escolar. <p>Tema 8. A Inspección en España.</p> <ul style="list-style-type: none">-O concepto histórico.-O marco legal da función inspectora en España.-A práctica da función inspectora.



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	20	20	40
Portafolios do alumno	0	10	10
Estudo de casos	30	0	30
Análise de fontes documentais	10	10	20
Atención personalizada	0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Na sesión maxistral traballarase os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.
Portafolios do alumno	O portafolios do alumno enténdese como un instrumento destinado a fomentar a reflexión e a construción do coñecemento. Trácese proporcionando unha serie de materiais (referencias bibliográficas, experiencias desenvolvidas en centros, etc.) que, xunto coa valoración crítica dos estudos de casos realizados durante o curso, serviránlle ao alumno/a para elaborar o seu propio discurso sobre a administración e supervisión de centros educativos.
Estudo de casos	As actividades de estudo de casos versarán sobre a presentación de situacións, reais ou verosímiles, centradas no ámbito educativo para a súa análise crítica, desde a óptica da administración e supervisión de centros.
Análise de fontes documentais	As fontes documentais serán a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficas relevantes sobre a materia con actividades específicas deseñadas para a análise dos mesmos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Estudo de casos	Os diferentes traballos realizados na aula (estudos de casos) serán de carácter grupal, estarán orientados de maneira inmediata pola profesora. A realización do portafolio do alumno é un traballo de carácter individual. Para a súa orientación, a profesora pon á disposición do alumnado o seu horario de tutorías.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	No portafolio valorarase: 1. A calidade da presentación (formato). 2. A capacidade de expresarse na linguaxe apropiada. 3. A capacidade de identificación dos contidos claves da materia, establecendo as relacións pertinentes entre os mesmos. 4. A capacidade de reflexión, análise e argumentación desde un punto de vista profesional (máis que emocional). 5. A capacidade da proposta como alternativa constructiva para a mellora do coñecemento.	50



Estudo de casos	Nos estudos de caso valorarase: 1. A comprensión da situación presentada considerando a diversidade e complexidade dos factores que inciden no ámbito educativo. 2. A profundidade de análise atendendo ao marco teórico traballado na materia. 3. O valor de síntese e da adecuación das propostas de acción e intervención como resposta á situación presentada. Trátase dun traballo fundamentalmente individual	50
Outros		

Observacións avaliación

Según a participación do alumnado na materia a avaliación contempla dúas opcións:

Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (> 85%):

a) Portafolio do alumno (50%)

b) Estudos de casos (50%)

Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (< 85%):

a) Portafolio do alumno (25%)

b) Estudos de casos (25%)

c) Examen (50%)

O examen consistirá nunha proba de preguntas cortas e/ou análise de casos ou supostos prácticos. Dita proba terá carácter individual e desenvolverase sen apuntes ou outros documentos de referencia.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Avaliación de Programas, Centros e Profesores/652711207

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Innovación e Cambio nas Institucións Escolares/652711607

Materias que continúan o temario

Didáctica Xeral/652711701

Organización do Centro Escolar/652711703

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías